

**Singladuras líricas de Manoel-Antonio
balizadas por García Sabell**

J[osé] Leyra Domínguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LEYRA DOMÍNGUEZ, J[OSÉ] (2011 [1975]). “Singladuras líricas de Manoel-Antonio balizadas por García Sabell”. *Nordés*: 1, contracapa. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/702>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LEYRA DOMÍNGUEZ, J[OSÉ] (1975). “Singladuras líricas de Manoel-Antonio balizadas por García Sabell”. *Nordés*: 1, contracapa.

* Edición dispoñible desde o 29 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

SINGLADURAS LIRICAS DE MANOEL-ANTONIO BALIZADAS POR GARCIA SABELL

Non sei onde leín que o mar é a terra da fantasía. Certamente o mar é a coquetería do eterno.

Manoel-Antonio foi transeúnte de infindos peiraos. Entre veiramar i estuario, facendo arcadia da cuverta dos navios, perto da Galiza ou alónxado dela, soupo tirar acios de imaxes dos ceos tumultuosos que pintara Tiépolo e Veronés, e do mar bruante ou dormido. Foi un Job resinado entre cintileos de nácares e aúgamariñas. Un gran captador de espacios.

«Ars longa Vita brevis». Pouco más que Keats morto aos 25 anos, Manoel-Antonio soupo como o poeta inglés escoitar os coros do silenzo. Un e outro foron segados pola tuberculosis. Un da nai, outro do pai, os dous tiveron esta triste herencia.

Inmerso nos vermes feios, nas catacumbas dos navios; ollando como o luar enmudecía na sua dorna, alumeaaba versos sensitivos en ritmo coas estrelas cansás de chorar. Lonxe da terra lonxe do sobíu do tren, o carón da sirena dos vapores, noso poeta loitaba pola disolución das formas. O metaforismo despreguizábase nos seus poemas, as veces ridentes como o vento bailando coas velas, as veces acedos como mouros nubeiros.

Home de fondas inquedanzas culturais, traduce do inglés a Edgar Poe e do francés a Jean Epstein. O francés e o noso poeta, por vegadas, sinten parello latexar.

Repousando a poucos coa cachimba nos beizos; ollando ronseles ou gaivotas acrobáticas ou tamén bebendo o derradeiro vaso cheo de despedidas, chegou un día de xaneiro cando xa nos árbores non eisisten follas esgazadas, ás tres da tarde, como o bon Xesús, nos dixo adeus cós cinco magros dedos da sua man.

«Fomos ficando sós o Mar o barco e mais nos».

Dentro do torveliño de libros que ateigan o mercado do espiritu, García Sabell nos agasalla, unha vez mais, coa obra, a morparte ineidita de Manoel-Antonio.

Nos, coñecíamos somentes «De Catro a Catro» do poeta rianxeiro. GALAXIA rexunta en case trescentas páxinas, mouro sobre branco, en carabana, meditabundos, pausados, versos, sempre versos. En sesenta páxinas García Sabell con precisión de entomólogo, pulsa tenramente a corda de fondas lembranzas. España i espili, nista primeira entrega, a vida vivida do noso poeta; abre portas, alumea oquedades, esculca nas suas leituras e na sua biblioteca; nos acrara migalleiro a nenez e a adolescencia, os seus escolantes, o inicial xaimismo, a fuxida a Francia, o ingreso no galeguismo, o pauto de sangue, a comunicación con Risco, o bedel que fuxe cô diñeiro, a loita na romería, o Piloto da Mariña Mercante, os derradeiros anos do noso poeta vital e o entusiasmo que lle produxo o arte de Imeldo Corral e moitas e moitas cousas mais.

Da obra lírica do poeta rianxeiro, nista primeira entrega, García Sabell, noso admirado amigo, nos mostra moita parte do lírico mundo colmeneiro do poeta. Ademais de «De catro a catro» única obra por nos coñecida, puiden gorentar: «Con nacos do meu interior»; «Foulas»; «Sempre e mais despois»; «Viladomar»; «Poemas soltos» —datados e sin datar—...

Lêndo e relendo o libro lembreime do salmista: «Os que sementan chorando cantando colleitarán».

García Sabell percorre a vida e a obra do noso poeta dende o nacemento deixa o día en que, como un paxariño, cando estaba morrendo inda quería cantar.

J. LEYRA DOMINGUEZ